

6º CURSO

6º ROCKEA

Os nenos de 6º
xa estamos aquí
para animar a festa
neste Entroido.

Comemos rosquiñas
chulas e orellas
pasámolo pipa
a mañá enteira.

Xa chegou o Entroido (bis).

Con estes disfraces
imos arrasar
somos os pintores
grandes creadores.

Imos xa marchando
isto é a despedida
o próximo ano
imos de visita.


Xa chegou o Entroido (bis).

Música: "We will rock you " do grupo Queen



COPLAS

2014



ENTROIDO 2014

CEIP QUINTELA MOAÑA

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

INFANTIL

5º CURSO

ARTISTADA INFANTIL

AQUÍ ESTAMOS OS PINTORES, RES,
EN QUINTELA IMOS PINTAR, TAR, TAR.
IMOS DEIXAR O COLE, LE
COMO UN CADRO DE “VERDÁ”, DÁ, DÁ.

TI COMO O VES?, TI COMO O VES?,
DO DEREITO OU DO REVÉS, VÉS,
VÉS?

CADROS ABSTRACTOS, ARTE
MODERNA,
FÍXATE MOI BEN, BEN, BEN!
(BIS)



NIN CÁCCAMO, NIN KANDINSKY, KY,
NIN PATIÑO, NIN VAN GOGH, GOGH, GOGH,
FAN CADROS TAN BONITOS, TOS,
COMO OS QUE PINTAMOS NÓS, NÓS, NÓS.

TI COMO O VES?, TI COMO O VES?,
DO DEREITO OU DO REVÉS, VÉS, VÉS?
CADROS ABSTRACTOS, ARTE MODERNA,
FÍXATE MOI BEN, BEN, BEN!
(BIS)

MÚSICA: O ROCK DA DUCHA (MIGALLAS)



CEIP Quintela Style

**CEIP Quintela Style. Quin-
tela Style.**

Estamos en Quintela
e xa chegou carnaval
este ano a pintura
éche o tema principal.

Non é o museo do Prado
non vaías apensar
non te vaías equivocar.

Isto é Quintela men
Se tes ganas de enredar e
cantar
pois veña, ven.

Que nas aulas ó traballo xa
lles chega ben.

E se non che gusta o En-
troido
podes vir tamén
achégate!



E dos pintores, todas
as cores

nós aprendemos, si
as meninas, si
o Impresionismo, e o
Cubismo
e a Vermeer,
Dali tamén.



En Quintela hai moitas
de artistas para ti, ti, ti,
ti, ti

CEIP Quintela Style
Quintela Style si si si si si
CEIP Quintela Style

Eh...festa na escola....
Eh...sen profesoras...
si si si si

eh eh eh
CEIP Quintela Style.

Música:
Gangnam
Style



O ENTROIDO EN MOAÑA



O CARNAVAL TRADICIONAL EN MEIRA

A asociación cultural Meiramar-Axóuxeres leva uns anos traballando para recuperar o carnaval tradicional que se celebraba en Meira, anque recollendo tamén celebracións doutros lugares e parroquias de



Moaña, pois, como se cita na publicación O CARNAVAL TRADICIONAL EN MEIRA-MADAMAS E GALÁNS, “hai un carnaval orixinal e auténtico no noso concello que cómpre recuperar, dar a acoñecer e entregar ás vindeiras xeracións”.



Despois dun laborioso traballo de investigación, no que entrevistaron veciños e veciñas que viviron aquel carnaval, recuperaron coplas que se cantaban, aprenderon os bailes que se bailaban e confeccionaron os traxes das Madamas e Galáns, “tentando

reproducilos o máis exacto posible a como eran daquela”, desde o ano 2011 estase a celebrar novamente O Carnaval

de Meira (cada ano máis afluencia de público e participantes), partindo do “lugar por excelencia” onde se facía antano (O Paso Redondo, no barrio do Pombal) e recuperando os personaxes máis polulares desta festa: O Fedelloso, O Home do saco e, por suposto, As Madamas e Galáns, que eran a peza central da festa.



Os danzantes bailaban nun lugar do camiño ante a presenza dos veciños e logo desfilaban ata volver parar noutro lugar de encontro e volver bailar.



Ían vestidos de branco; elas, cun sombreiro de palla e de flores; eles, cun sombreiro de pluma de avestruz e cintas de cores.

No resto do concello eran” os curruvellos” os que ían disfrazados polos camiños. O fundamental era levar a cara tapada (normalmente, cun anaco de tea branca con buratos para os ollos) e un pau para asustar á xente.



2º CICLO

“TODO É ARTE!”

4º

Agora vouche ensinar
O que é una obra de arte;
Non te quero asombrar
Nin tampouco abraiar-te.

3º

Iso si que non é arte
Parese unha fotografía
O que quero eu ensinarche
si que ten moita valía.

4º


O que ti chamas fotografía
transmite moita armonía
Como que isto non é arte?
Ti tesme moita manía!

3º

Se o fas todo perfecto
entón non podes xogar;
cadros, círculos e cores
tes que usar e mesturar.

4º

Que dis! Como entendela!
Non sei por onde miralo.
Os ollos fóra de sitio;
terás ti que ordenalo.



3º


As cousas como as vexo
Nos meus cadros as reflexo
Conto as cousas ó meu
xeito



Iso sí que eche ben certo

4º

A beleza dos meus cadros,
o detalle, a perfección;
o que ven os meus ollos,
non dou a miña opinión.



Temos o mesmo obxectivo
abstracto ou figurativo:
aprender a contemplar;
comprender e gozar.

Música: regueifa

1º CICLO

Xa tardaba este Entroido

**Xa tardaba este Entroido,
menos mal que xa chegou.
Polas rúas de Quintela
iremos un ano máis.**

**O noso blusón, pintadiño está
de tanto traballar.**

**Coas nosas paletas, tan coloreadas
pintamos xenial.**

**Este ano de pintores,
todos xuntos a pintar!
Aquí están os de 1º
con 2º un ano máis.**

**O noso blusón, pintadiño está
de tanto traballar.**

**Coas nosas paletas, tan coloreadas
pintamos xenial.**

**Que ben bailan en 1º,
parecen profesionais.
En 2º cantan, cantan,**

moito queren troulear.

**O noso blusón, pintadiño está
de tanto traballar.**

**Coas nosas paletas, tan coloreadas
pintamos xenial.**

**E con isto rematamos,
damos paso a outra canción.
Estaremos todos xuntos
animando mogollón.**

Versión do vilancico “Xa me tardan” de Mamá Cabra.

